



PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE 1 AO 12 DE XUÑO

EDUCACIÓN INFANTIL
CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO

Estimadas familias:

Presentámosvos a que será a última proposta de traballo deste curso e que abranguerá as dúas primeiras semanas de xuño, concretamente do 1 ao 12.


Despois de tantas semanas neste “novo” estilo de aprendizaxe e docencia, achegámosvos un conto diferente que nos deu a coñecer a familia de Elías, o noso compañeiro de 6º de Ed. Infantil á quen lle agradecemos a aportación. O conto ten un título moi suxerente: [Profe, e agora que fago?](#).



Nel atoparedes propostas lúdicas e creativas moi interesantes. Entre elas, unha pareceunos moi adecuada debido á proximidade do verán e a asociación que facemos deste tempo co mar.

Así que, despois de traballar a terra a través das nosas hortas, propoñémosvos rematar o curso no mar e na auga a través duns personaxes ben coñecidos por todos e todas: **OS e AS PIRATAS**.

Como en propostas anteriores, recordámosvos o carácter voluntario e flexible das actividades aquí recollidas para que poidades adaptalas ao tempo, dispoñibilidade e interese de cada neno ou nena e de cada familia.




Os bloques de actividades son:

- *Historias de piratas*. Catro contos e algunhas actividades para saber un pouco máis destes personaxes.
- *Manualidades piratas* con seis actividades para converternos en auténticos e auténticas piratas.
- *Lóxica-matemática pirata*. Inclúe catro propostas de traballo coas matemáticas dun xeito lúdico e manipulativo.
- *Experimentos con auga*. Inclúe cinco propostas para que os nenos e nenas experimenten e se divirtan coa auga.
- *Receitas piratas*. Diversas propostas para encher as nosas cociñas de sabor a mar.
- *Xogos de auga*.
- *Propostas musicais*.

Para calquera dúbida, contactade a través da dirección de correo electrónico de cada titora.



Grazas de antemán pola colaboración e esperamos que os nenos e nenas se divirtan con esta última proposta.

As titoras de Educación Infantil



HISTORIAS DE

PIRATAS...



Os piratas son personaxes moi frecuentes dos contos. Aquí vos presentamos catro deses exemplos. Ao picar no título en azul ou nas portadas, accederedes ao conto.

- [O PIRATA VALENTE](#) de Ricardo Alcántara & Gusti (Kalandraka)



Despois de escoitar e ver o conto:

- Como se chama o protagonista do conto?
- Quen o acompaña no seu barco?
- Quen o chama para merendar?
- Que toma sempre un pirata valente?

Agora propoñémosche que te debuxes a ti mesmo ou a ti mesma de pirata. Como te imaxinas?



DEBÚXATE A TI MESM@ DE PIRATA. COMO TE IMAXINAS?

O/A PIRATA

LE, RECORTA E PEGA CADA PALABRA DO ATUENDO DUN PIRATA NO LUGAR QUE CORRESPONDE.



ESPADA

PAPAGAIO

CASACA


**PATA DE
PAU**

SOMBREIRO

PARCHE




GARFO

- **PIRATA PATA DE LATA** de OLi & Ramón Trigo (Kalandraka).



Seguro que este conto vos sona moito porque o tedes na casa, levástelo da biblioteca ou xa volo contaron as profes. Pero sempre é unha historia divertida. Escóitao e mírao con atención para logo realizar as actividades que che propoñemos.

RECORTA E ORDENA AS PALABRAS DO TÍTULO DO CONTO.



PIRATA

LATA

DE

O

PATA

ESCRIBE OS NOMES DAS PERSONAXES QUE APARECEN NO CONTO.








*Se a algún neno/a lle resulta complexo escribir todas as letras, podemos escribir nós as consonantes e eles as vogais.


- **LOS MIEDOS DEL CAPITÁN CACURCIAS** de José Carlos Andrés & Sonja Wimmer (Nubeocho).



Xa escoitaches a historia de Cacurcias? Agora reflexiona:

- Que problema ten o capitán Cacurcias?
- A onde o levaron os piratas para sacarlle os medos?
- A que lle tiña medo Cacurcias?

RECORTA E ORDENA AS PALABRAS DO TÍTULO DO CONTO QUE
ACABAS DE ESCOITAR.



O TÍTULO TEN PALABRAS.

CAPITÁN

MIEDOS

LOS


DEL

CACURCIAS



A QUE LLE TES TI MEDO? DEBUXA DÚAS COUSAS QUE CHE FAGAN SENTIR MEDO E INTENTA ESCRIBIR A PALABRA QUE AS DESCRIBE.

- **DANIELA PIRATA** de Susanna Isern & Gómez.



- Se tiveras un barco pirata, que nome lle porías?
- De todas as probas que ten que pasar Daniela, cal che gustou máis?
- Pareceche ben que o capitán non lle deixe ser a Daniela pirata por ser unha chica? Por que?

COMO CRES QUE SE SENTE DANIELA EN CADA UNHA DESTAS IMAXES. POR QUE?



MANUALIDADES PIRATAS

Presentamos unhas manualidades piratas para que surquedes en familia os mares da imaxinación en busca do gran tesouro, o tempo compartido.

A ABORDAXE!



CATALEXO





CATALEXO

Terra á vista!

Fabrica o teu propio catalexo pirata como este cun vaso de cartón ou plástico, un tubo de papel de cociña, pegamento e pintura dourada e negra. Para decorar podes utilizar brillantina dourada, goma eva ou cartulina branca para facer unha caveira, pegatinas, etc.



COFRE DO TESOURO



COFRE DO TESOURO

Unha forma moi sinxela de facer un cofre dun tesouro cheo de moedas é reutilizando unha caixa de plástico (de toallíñas húmidas) ou calquera caixa de cartón. Tapas de metal ou calquera outro obxecto que sexa un tesouro para ti.

Pintádeos con pintura dourada ou amarela ou como vos queirades e... listo! Xa tedes o voso cofre dos tesouros!!




GARFO



GARFO

Aprende a facer unha das armas imprescindibles de todo pirata, un garfo!

Os materiais necesarios para facer esta manualidade son: un vaso de plástico, un garfo ou culler e cinta adhesiva negra (ou pintura negra) para cubrir o vaso, e tamén para suxeitar o garfo que debe ir introducido no vaso por un pequeno buratiño.



SOMBREIRO
PIRATA E PARCHE




SOMBREIRO PIRATA E PARCHE

Para ser un auténtico pirata necesitas un sombrero ou diadema. Só che fai falta cartón (ou cartulina negra), pintura negra, pinces, folio branco, tesoiras e pegamento.

Coa axuda de mamá ou papá debuxa o sombrero (2 partes iguais) ou diadema (1 parte), recórtao (píntao se non tes cartulina negra). Debuxa nun folio branco unha caveira, recórtaa e péga no sombrero. Ponlle un anaquiño de goma ou cinta de tea para suxeitar na túa cabeza. Cun anaquiño de cartón ou cartulina fai un parche.



ESPADA



ESPADA

Para loitar con outros piratas necesitamos unha boa espada, eso sí, de cartón, non queremos facer dano a ninguén! Por iso, esta espada farémola cun tubo de cartón de papel de regalo ou cartón arrugado (dunha caixa de galletas ou dunha caixa de leite, por exemplo), e vestirémola con papel de aluminio para que semelle metal prateado.

Logo decorades a asa da espada como vos queirades: con pegatinas, con chapas de cores, con sementes secas e pintadas, etc...



BARCO PIRATA



BARCO PIRATA

Non se pode ser un pirata de verdade sen ter un barco!


Imos construír esta embarcación con 3 corchos, 2 gomas elásticas, 1 palillo de madeira, cartulina negra, un rotulador ou pintura branca, un anaquiño de tea ou papel para a bandeira do teu barco pirata!!



BARCO PIRATA

Tamén podes facer outro modelo de barco cun envase de ovos. Píntao e decóralo como ti desexes!





5 de xuño: Día do Medio Ambiente

8 de xuño: Día Mundial dos Océanos

É moi importante traballar con materiais de refugallo que haxa pola casa, sen necesidade de mercar cousas novas. Debemos concienciar aos nosos nenos e nenas da necesidade de reciclar para reducir o consumo e os residuos, axudando deste xeito a coidar o planeta.

Engadimos imaxes doutras manualidades piratas por se vos apetece facelas!



Piratas feitos com ralos de papel hixiénico





Pirata feito coa estampación da man pintada en tres cores



Loro feito con pratos de cartón pintados e dobrados á metade




Botella con mensaxe pirata



LÓXICA-MATEMÁTICA

PIRATA



TABOLEIRO PIRATA





REGRAS DO XOGO TABOLEIRO PIRATA

NÚMERO DE XOGADORES/AS: ata catro.



MATERIAIS PARA O XOGO: fichas de cores (unha ficha para cada xogador/a) e un dado.

COMO XOGAR:

Cada xogador/a coloca a súa ficha no barco pirata. Empeza lanzando o dado o xogador/a de menor idade que fará un só tiro e desprazará a súa ficha tantas caselas como indique o dado. De seguido, farán o mesmo os demais xogadores por orde de idade (menor a maior). Se a ficha cae na casela 21 (a bomba do canón), o xogador/a deberá volver á casela de saída. Gaña o xogador/a que logra chegar primeiro ao cofre do tesouro coa súa ficha

LOCALIZA AS DIFERENZAS ENTRE ESTES DOUS NAVÍOS PIRATA.

BUSCA AS 6 DIFERENCIAS



1

2

3

4


5

6




BUSCA DO TESOURO

Un bo pirata ou unha boa pirata está sempre buscando tesouros. Nesta tarefa propoñémosche que busques os seguintes elementos para facer con eles o teu propio cofre pirata.



SUDOKU PIRATA

Imos facer un sudoku mariñeiro. Recorta as catro fichas que aparecen ao final da páxina. O xogo consiste en colocalas no taboleiro (nas caselas que están en branco) de maneira que non repitas a mesma ficha nin en horizontal nin en vertical. Serás capaz de resolver este misterio?



DE PESCA!!

Nesta actividade propoñémosvos que vos convertades en pescadoras e pescadores. Animádesvos?

Imos comezar creando os nosos propios peixes. Para iso precisamos:

- Anacos de gomaeva, plástico, follas de árbores alongadas, estropallos, esponxas.... Ás que lles daremos forma de peixe.
- Podemos debuxarlle os ollos e se queremos tamén as escamas empregando un rotulador.
- Logo faremoslle un burato (pídelle axuda a un adulto) nun extremo. Nese burato ataremos un anaco de cordel (non moi fino, que quede teso), un anaco de arame fino, un clip....
- Agora imos coa cana. Para iso precisamos un pau longo, o mango dun recolledor ou vasoira,
- Atámoslle un cordel longo e no outro extremo do cordel, ataremos un clip que abriremos un pouco para que faga de anzol. Se non temos un clip, podemos empregar un anaco de arame que nos sirva para enganchar os peixes.



Agora só queda poñerlle un número do 1 ao 3 a cada peixe, botalos nun recipiente amplo con auga e a pescar!

Como cada peixe ten un valor (1, 2, 3) ao finalizar o noso tempo de pesca, debemos contar cantos puntos conseguimos en total. Se lles custa contar deste xeito, podemos simplemente pescar os peixes sen número e facer o reconto final.

Experimentos con agua

Educación Infantil



“O ciclo da auga”



Pasos:

1. Debuxa o sol e as nubes na parte superior do bote de plástico, e a terra na parte inferior.
2. Mestura medio vaso de auga co colorante azul e vértelo no bote de plástico e despois tápao.
3. Xa por último colócao xunto unha fiestra ou nalgún sitio da casa onde lle dea o sol, e observa o que acontece.

Explicación: este experimento é moi visual e útil para acompañar a explicación do ciclo da auga. No bote poderedes observar como a auga que está no fondo ao quentarse co sol, evapórase, sube en forma de pingas de auga que se adhíren ás paredes da parte superior do bote.

MATERIAL:

Auga

Bote de plástico ou vidro transparente

Rotuladores permanentes

Colorante alimenticio de cor azul



“Lámpara de lava”



Pasos:

1. Vertemos no bote de plástico ou vidro transparente auga ata completar 1/4 do contido, para despois engadir as 3/4 partes restantes do bote con aceite vexetal.
2. Agardamos uns minutos a que reposen os dous líquidos, quedando completamente separados, a auga quedará na parte inferior do bote e o aceite na superior.
3. Engadimos unhas pingas do colorante alimenticio ou témpera da cor que máis nos guste.
4. E xa por último, botamos a pílula efervescente e observamos o que acontece...
ié maxia!

MATERIAL:

- Un bote de plástico ou vidro transparente
- Colorante alimenticio ou témpera de cor
- Pílulas efervescentes
- Aceite vexetal
- Auga



“Auga que non cae!”



Pasos:

1. Collemos un vaso de tubo e o enchemos con auga ata o límite sen que rebose.
2. Cando teñamos o vaso cheo, collemos unha carta dunha baralla ou un trozo pequeno de cartolina e tapamos con ela o vaso.
3. Agora collemos con coidado o vaso e o volteamos. Comprobaremos que a auga non cae!

Explicación: sobre a carta actúan dúas cousas: o peso da auga e a presión atmosférica. A presión atmosférica é maior e empurra a carta cara arriba impedindo que a auga caiga.

MATERIAL:


Un vaso

Auga

Unha carta da baralla ou
un trozo pequeno de
cartolina



“Auga curva”



Pasos:

1. O primeiro que temos que facer é inflar un globo e o atamos.
2. Despois abrimos a billa e deixamos que saia un chorriño fino e constante de auga.
3. Collemos o globo e o frotamos co pano de microfibras.
4. Colocamos o globo cerca do chorro de auga pero sen que lle toque e observamos... A auga fai una curva!

Explicación: a auga posúe moléculas que teñen unha parte positiva e outra negativa, polo que ao acercar o globo cargado negativamente, éste atrae a parte positiva das moléculas de auga e por iso se curva.

MATERIAL:

Billa de auga

Globo

Pano de microfibras



“Chuvia de cores”



Pasos:

1. Collemos o recipiente transparente e lle botamos auga ata algo máis da metade.
2. Despois lle poñemos unha boa capa de espuma de afeitar.
3. Enriba da espuma de afeitar lle imos engadindo pouco a pouco os colorantes alimentarios das distintas cores.
4. Pouco a pouco as pingas de colorante irán atravesando a espuma e chegarán a auga en forma de chuvia, producíndose una impresionante tormenta de cores!

Explicación: As nubes fórmanse cando o vapor de auga elevase no aire. Cando o vapor golpea o aire frío, convírtese en pingas de auga ou cristais de xeo. Esas pequenas pingas de auga flotando no aire xuntanse e forman as nubes. Cando as nubes teñen tanta auga que non poden conter máis, a auga volve a caer ao chan en forma de chuvia.

MATERIAL:

Un recipiente transparente

Un bote de espuma de afeitar

Colorante alimentario de distintas cores

Auga







TÍTULO DO EXPERIMENTO

[Empty dashed box for the experiment title]

MATERIAIS:

[Empty dashed box for materials, containing three bullet points and horizontal lines for text entry]

DEBUXO OS PASOS:

1

[Empty dashed box for drawing step 1]

2

[Empty dashed box for drawing step 2]

3

[Empty dashed box for drawing step 3]

REVEITAS PIRATAS



PIZZAS






“PIRATA VEXETAL”

INGREDIENTES:

- Base de pizza.
- Salsa de tomate.
- Dous tomates.
- Pemento verde.
- Aceitunas negras.
- Ovo cocido.
- Remolacha.
- Millo dulce cocido.
- Queixo parmesano.

PREPARACIÓN: Colocamos a base da pizza nunha bandexa de forno previamente espolvoreada con fariña e poñemos o queixo e o tomate frito como aparece na imaxe. Despois colocamos as rodaxas de tomate simulando o pano do pirata, poñendo un grano de millo en cada rodaxa, e co tomate que sobra faremos a boca e os lazos do pano. O nariz vai ser a metade dunha aceituna, os bigotes dúas tiras de pemento verde e para o parche empregaremos un anaco de remolacha cocida, así como una rodaxa de ovo cocido e unha aceituna para o ollo.



“PIZZA CORSARIO”

INGREDIENTES:

- Base de pizza.
- Salsa de tomate.
- Xamón.
- Tomate cherry.
- Mozzarella.
- Pemento vermello.
- Aceitunas negras.
- Remolacha.

PREPARACIÓN: Coloca a base da pizza nunha bandexa de forno e encubrea con salsa de tomate, xamón e queixo mozzarella. Despois coloca tomates cherry cortados pola metade de tal xeito que serán o pano da cabeza e reserva un para o nariz. Para o parche do ollo, a boca e os bigotes cortaremos unha remolacha e finalmente para o ollo e a perilla empregaremos as aceitunas negras.

B B K A T A S



SANDWICHES



“PIRATA DE BOQUEIXÓN”

INGREDIENTES:

- Pan de molde
- Queixo.
- Salmón afumado.
- Pementos asados.
- Maionesa.
- Pepino.

PREPARACIÓN: Para facer este rico sándwich precisamos cortar cunha forma redonda dúas rebanadas de pan de molde. A continuación engadimos as lonchas de queixo e salmón afumado (pode ser con outro similar) e xa temos preparada a base do noso pirata. Despois untaremos a maionesa para facer a cariña e recortamos o pemento asado para colocalo a modo de pano como está na imaxe, e reservamos dúas tiras finas para facer o lazo e a boca. Por último cortamos o pepino para colocar o parche e se queremos facemos un pequeno camino da búsqueda do tesouro...e a disfrutar!



“PIRATA DE O FORTE”

INGREDIENTES:

- Pan de molde
- Atún.
- Pementos asados.
- Maionesa.
- Leituga.
- Queixo.
- Pepino.
- Aceitunas.
- Snacks salgados.

PREPARACIÓN: para facer o recheo deste divertido pirata empregaremos o atún e a maionesa, untando a cantidade que consideredes adecuada. A continuación colocaremos os detalles da cara, para o cal precisamos una folla de leituga grande que será a barba, así como pementos asdos para o pano e o lazo da cabeza e o nariz. Remataremos colocando una rodaxa de pepino e unha aceituna para o ollo, e adornando o fondo cos snacks salgados ao noso gusto.



“GALEÓN PIRATA”

INGREDIENTES:

- Pan de molde
- Xamón cocido ou similar.
- Queixo.
- Pepino ou similar.
- Paus de snacks salgados.

PREPARACIÓN: para facer a silueta do barco temos que cortar o pan de molde con coidado dándolle forma de galeón como o da imaxe, e facer 3 buratos pequenos e redondos para os ollos de boi (fiestras). Cando o teñamos, cortamos e engadimos o xamón cocido no recheo e reservamos unha loncha para que faga de vela. O mástil serán dous paus de snacks e a nosa bandeira será un rombo de xamón cunha calavera feita co queixo. Finalmente, as ondas do mar serán as rodaxas de pepino cortadas á metade e... a navegar!



“FRAGATA PANTASMA”

INGREDIENTES:

- Pan de molde
- Xamón cocido.
- Queixo.
- Pepino.
- Maionesa.
- Cenoura.
- Paus para brochetas.

PREPARACIÓN: o primeiro que temos que facer e cortar o pan de molde, o xamón e o pepino en forma de barco, facendo os triángulos do tamaño que máis nos guste. Despois para o recheo untamos a maionesa e lle colocamos o xamón e o pepino que xa temos cortado. A continuación engadimos o queixo e para iso temos que insertar anacos pequenos nas brochetas para que sexan as velas, e o pinchamos no pan. Rematamos a nosa fragata engadindo á brocheta un anaco triangular de cenoura.



F R O I T S




R I R A T S





“CARABELA DE BROCHETAS”

PREPARACIÓN: nesta receita cortaremos unha piña á metade, que será a base da nosa carabela e o mástil serán as brochetas de diversas froitas: piña, amorodos, uvas, mandarinas... Para rematar a decoraremos colocándolle unha bandeira pirata na parte de arriba da brocheta.



“BALAS DE CAÑÓN DE SANDÍA”

PREPARACIÓN: outra receita coa sandía é a que temos na imaxe, onde teremos que cortar unha sandía para que sexa a base do barco e para facer as boliñas temos que cortar a outra metade da sandía en tiras e con axuda dun utensilio dos xeados faremos as bolas que serán as balas do cañón. Para facer o mástil podemos empregar dúas palliñas cruzadas ou dúas brochetas, e colocarlle a vela coa calavera pirata



“BARCO PIRATA DE MACEDONIA”

INGREDIENTES:

- Sandía.
- Arandos.
- Nectarinas.
- Paus para brochetas.
- Adornos piratas.

PREPARACIÓN: para facer o noso barco pirata precisamos cortar á metade unha sandía, e reservar unha das metades para que sexa a base do barco, e a outra cortala para facer as velas. Cando teñamos as velas as pincharemos nos paus de brochetas e os colocaremos na base. A continuación engadimos as demais froitas ao noso gusto: sandía, arandos, nectarinas... Para rematar, podemos decorar o noso barco con pequenos detalles como pode ser poñer no mástil unha bandeira pirata.



“GALEÓN DE MELÓN”

PREPARACIÓN: para facer este galeón precisamos cortar unhas rodaxas de melón e engadirlle unhas brochetas pequenas con amorodos e uvas, ou calquera outra froita que máis nos apeteza. Podemos adornar colocándolle unhas bandeiras piratas como as da imaxe.



“CORSARIOS DE SANDÍA”

PREPARACIÓN: nesta receita cortaremos unha sandía pola metade, e unha desas metades será a base e a outra a empregaremos para facer o corpo dos piratas, onde lle daremos unha forma rectangular. Para facer a cabeza colocaremos unha rodaxa de plátano e de uva morada cortadas á metade e as pincharemos cunha brocheta para unilas ao corpo da sandía. Os pequenos detalles da cara os faremos con pingas de chocolate.



“FRAGATA DE XELATINA”

INGREDIENTES:

- Un sobre de xelatina neutra.
- Colorante alimentario azul.
- 250ml de auga.
- 250ml de zume de mazá.
- Paus para brochetas.
- Adornos piratas.

PREPARACIÓN: a base da fragata será a xelatina azul que representará o mar. Disolvemos o contido do sobre de xelatina en 250ml de auga fervendo e remexemos ata que se disolva. Engadimos unhas pingas do colorante azul e lle engadimos os 250ml de zume de mazá. Cando esté listo servirémolo en vasiños transparentes e deixaremos que enfríe. Unha vez teñamos os vasiños de xelatina, cortaremos unas rodaxas de laranxa e as colocaremos no vaso a modo de barco pirata e xa por último lle poñemos unha bandeira pirata cunha brocheta pequena

“LORO PIRATA”



PREPARACIÓN: este divertido loro é moi sinxelo de facer, simplemente precisamos dous melocotóns vermellos ou dúas nectarinas, onde un deles o cortaremos a metade e será a cabeza e o corpo do loro, e o outro melocotón ou nectarina o cortaremos para darlle forma as ás, ao peteiro, as patas e ás plumas da cabeza e da cola. Para os oliños podemos empregar pingas de chocolate.

“BUCANERO DE O FORTE”



PREPARACIÓN: este bucanero está feito cun plátano e o seu pano é a metade dun amorodo que tamén empregaremos para facerlle a boca, cortando un anaco pequeno. O barco é unha pedazo dunha mazá e os ollos e o parche serán pingas de chocolate fundido. Podemos engadir unhas moedas de chocolate para o tesouro e uns adornos piratas para completalo.

BO PROVEITO E...



À ABORDAXE!!!

RECETA:



INGREDIENTES:

ELABORACIÓN:

DEBUXO OU FOTO:

A large rectangular area enclosed by a dashed green border, intended for a drawing or photograph of the recipe's result.



XOGOS CON AUGA



PESCANDO COS PÉS

Chega o bo tempo e xa podemos xogar con auga ao aire libre. Para divertirse refrescando os pés poñemos unha bañeira con auga e dentro dela varios obxectos que floten (pelotas, botellas de plástico baleiras e tapadas, etc...).

Sentados nunha cadeira imos collendo cos pés os obxectos e deixámoslos noutro recipiente.

A divertirte pero... COIDADO! Podes caer na auga.



VASO A VASO

Para xogar en familia. Sentados na horta (mellor en bañador) facemos unha ringleira toda a familia. Enchemos un caldeiro con auga. O primeiro da ringleira colle un vaso con auga e pásao por enriba da cabeza para o seguinte, intentando que non caia a auga.

Podedes crear normas de xogo, por exemplo: o que tire auga polo compañeiro pasa ao final da ringleira.

A MOLLARSE!



OLLO CO TIBURÓN

Máis difícil aínda! Os piratas e as piratas deben atravesar a ponte pero hai moito perigo, un montón de tiburóns axexan.

Con dúas caixas de cartón e unha táboa facemos a ponte. Debaixo poñemos un saco ou bolsa de plástico azul ou un anaco de tea (toalla de praia, sábana, colcha...) para simular o mar. Facemos unhas aletas de tiburón e pegámolas na bolsa ou tea para saber onde andan e agora con moito coidado atravesamos a ponte.

Se non disponemos de caixas nin dunha táboa podemos pegar unha cinta no chan (na bolsa) para simular a ponte e camiñamos por enriba dela, sen saír para non caer ao mar.

QUE VEN O TIBURÓN!




A ENCESTAR!

Cun caldeiro deitado facemos a boca do pirata. Poñémoslle enriba o sombreiro e xa parece un pirata coa boca aberta.

Cunha ou varias pelotas intentamos encestar na boca do pirata.

Cada canasta é un punto que gañas.

A ENCESTAR! E sumar moitos puntos!



PROPOSTAS MUSICAIS

MÚSICA EDUC.INFANTIL-XUÑO

PRIMEIRA SESIÓN (Semana do 1 de xuño)

Primeiro poden cantar a canción, e despois, ven os debuxos dun violinista ca Pantera Rosa.

Canción: “Paco Papán” (algúns xa a coñecen do cole).

https://www.youtube.com/watch?v=EX4_qH64g8Y

Debuxos da Pantera Rosa, “Violinista Rosa”.

<https://www.youtube.com/watch?v=MKNP0nPZmRs&t=56s>

SEGUNDA SESIÓN (Semana do 8 de xuño)

Canción “O Gorila” de Susa Herrera, para que canten e bailen.

https://www.youtube.com/watch?v=E9HAy9QW_sE&t=16s

Como estades cos piratas ahí vai esta canción:

<https://www.youtube.com/watch?v=qRtlrqjWWw>

Ritmos con folios. Poden seguir o pulso coas mans, e tentar de facer coma no video.

<https://www.youtube.com/watch?v=um0aM4rhcgg&t=61s>

TERCEIRA SESIÓN (Semana do 15 de xuño)

Repaso da canción “Dime que fixeches”.

Non se trata de aprender moitas cancións.

E mellor poucas e que as aprendan.

<https://www.youtube.com/watch?v=4jtbAyVC7A0&t=18s>

Agora uns debuxos de Jazz.

Os Aristogatos.

Podedes preguntarlle os nenos/as cantos instrumentos ven: piano, batería, trompeta, arpa, contrabaixo, acordeón....

Tamén facerlles preguntas, coma por exemplo: Que instrumento toca a gata branca? A arpa

Parecenme uns debuxos preciosos .

Eu trato de que vexan videos bonitos, e sobre todo con boa música , de calidade, tanto visualmente como auditivamente.

https://www.youtube.com/watch?v=-o-H_TnCTts&t=157s

Espero que disfrutedes con estas actividades.

Se algún pai/nai, quere consultar algunha cuestión, poden escribirme ao meu email: beatrizgippini@edu.xunta.es

Boas vacacións !!!!!

Beatriz Gippini

Proposta actividades de Relixión para Infantil

Si tedes algunha dúbida podedes poñervos en contacto conmigo no enderezo
mc.carou@gmail.com

Proposta actividades audiovisuais de Relixión para Educación Infantil (1 - 19) de xuño.

La ciencia de la Biblia: Jesús. Pequeños Heroes
<https://youtu.be/eprtDGbl7-c>

Ángeles de Dios (canciones infantiles)
https://youtu.be/H87-31_pYR4